


Registro Xeral
SAIDA
UVIGO1101 Nº. 200800013049
13-06-2008 9:59:00

De seguido infórmolle dos acordos da sesión ordinaria do Consello de Goberno que tivo lugar o mércores, día 11 de xuño de 2008, na Sala de Xuntas da Reitoría, e que poden ser do seu interese.

- \* Aprobación de comisión de servizos.
- \* Aprobación de instrucións para o desenvolvemento do punto 6.4 das Directrices propias da Universidade de Vigo sobre a estrutura e organización académica dos plans de estudos de grado.
- \* Desestimación do recurso de alzada presentado por D. José Henrique Pérez Rodríguez.
- \* Aprobación de límite de prazas para traslado nas titulacións de Fisioterapia, Publicidade e Relacións Públicas e Comunicación Audiovisual.
- \* Aprobación do calendario de preinscrición e matrícula de estudos oficiais de master do curso académico 2008/2009.
- \* Aprobación do calendario de aprobación de novas propostas de títulos de master universitario para a súa implantación no curso 2009/2010.
- \* Aprobación da liquidación e memoria económica do ano 2007.
- \* Aprobación da modificación das normas de execución orzamentaria.
- \* Aprobación de importes e aplicacións para a incorporación de remanentes de libre disposición.
- \* Aprobación do pronunciamento do Consello de Goberno sobre as taxas académicas.
- \* Aprobación da participación da Universidade de Vigo na Fundación Centro Tecnolóxico de Eficiencia e Sostibilidade Enerxética.
- \* Aprobación do Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Química.
- \* Aprobación dos modelos de convenios de cooperación educativa para as prácticas de máster e cursos de especialista en empresas e institucións.
- \* Aprobación dos seguintes convenios: Convenio marco de colaboración coa L'Université Cadi Ayyad (Marrocos) – Convenio específico coa Universidade dos Andes (Venezuela) – Memorando de entendemento co Ministerio de Educación e Ciencia para promover a colaboración na área da docencia – Convenio de colaboración coa Consellería de Cultura e Deporte, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade da Coruña para o apoio ao deporte universitario e a dinamización da práctica deportiva – Addenda ao convenio entre coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade da Coruña, sobre o catálogo de validacións 2008-2009 – Convenio específico interuniversitario coa Universidade de Girona para a mobilidade de alumnos do máster oficial en planificación e dirección de turismo – Convenio de colaboración coa Consellería de Educación e Ordenación universitaria, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade da Coruña, para a preparación das propostas de novos planes de estudos no marco da nova ordenación das ensinanzas universitarias oficiais – Protocolo de colaboración coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Consellería de Sanidade, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade da Coruña, para a formación clínica dos estudantes de ciencias da saúde no sistema universitario de Galicia (SUG) – Addenda ao convenio de colaboración coa Universidade Rovira i Virgili e a Universidade da Coruña, para a elaboración dun modelo de armonización da docencia orientado á converxencia ao espazo europeo de educación superior – Convenio de colaboración coa Universidade Internacional Menéndez Pelayo, para promover conxuntamente un programa de cursos, seminarios e encontros no ano 2008 – Convenio de colaboración coa Consellería de Innovación e Industria, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade da Coruña, para o apoio á creación e consolidación de oficinas de software libre universitarias – Convenio marco de colaboración co Centro de Investigaciones en Óptica, A.C. (México) – Convenio Específico co Centro de Investigaciones en Óptica, A.C. (México) .

Vigo, 13 de xuño de 2008  
A Secretaría Xeral



Esther Mª González Pillado

